

TEMA 25 – A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS¹

ORIENTACIÓNS PAU:

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que entende o concepto de desamortización e, daquela, referirá as razóns explicativas que a facían necesaria. Ademais, terá que vincular o proceso de desamortización desenvolvido en España no s. XIX coas tendencias liberais que o favorecen e paralizan. Tamén será preciso que afonde nas etapas fundamentais do devandito proceso, indicando os seus obxectivos así como os beneficiados e os prexudicados por ese feito. Finalmente, cumprirá que realice un balance global dos efectos das desamortizacións nos distintos eidos (político, socioeconómico e cultural).

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- Aplicación das diferentes desamortizacións: obxectivos, efectos e consecuencias

CONCEPTO

As desamortizacións foron o proceso legal polo que os liberais progresistas do s. XIX pretendían expropiar bens pertencentes á Igrexa (mans mortas) e concellos (comúns, propios) para a continuación poñelas á venda mediante poxa pública. Os obxectivos eran os de reformar a estrutura da propiedade da terra (repartíndoa mellor), obter recursos económicos para sanear a Facenda e ampliar o apoio á causa liberal. Destacan, especialmente, a desamortización de Mendizábal (1836) e a de Madoz (1855).

CONTEXTO

Desde a morte de Fernando VII comeza unha loita política para rematar co absolutismo e o Antigo Réxime e substituílo polo liberalismo, que representaba mellor os intereses da burguesía. Un dos retos máis importantes a enfrontar polos liberais era modernizar a agricultura, xa que se atopaba totalmente atrasada, por varios motivos:

1. Unha enorme desigualdade na distribución da propiedade: na metade sur, abundan os latifundios cunha enorme masa de xornaleiros.
2. Abundaban as *mans mortas*: bens fóra do mercado (non vendibles) e xeralmentemal explotados, en mans da Igrexa ou dos nobres (*morgados*)
3. Unha baixísima produtividade, debido ao atraso técnico e ao pouco interese dos propietarios por investir en melloras.
4. Uns excedentes escasos que, xunto ás malas comunicacións, dificultaban o comercio.

OBXECTIVOS DA REFORMA AGRARIA LIBERAL

Para abordar ese reto, os liberais deseñaron a chamada *Reforma Agraria Liberal*, para:

- liberalizar as terras en *mans mortas*, logrando unha nova clase de propietarios
- mellorar a súa explotación, con propietarios máis interesados e emprendedores
- sanear a facenda cos ingresos procedentes das vendas en poxa pública.

Así, mediante este conxunto de medidas chamadas *Reforma Agraria Liberal*:

1. Aboliron os dereitos señoriais, de orixe feudal (impostos, traballos especiais...)
2. Desvincularon os morgados (que eran o patrimonio indivisible das casas nobres), pasando a partir de entón a poder dividirse e venderse, isto é estar no mercado.
3. Liberalizaron o mercado, abolindo a Mesta, os gremios ou as aduanas interiores, e establecendo a liberdade de prezos camiñando cara un sistema liberal ou capitalista.
4. E, sobre todo, iniciaron a DESAMORTIZACIÓN ou expropiación das “*mans mortas*” para

¹ Texto adaptado do material de Miguel Abaira [https://drive.google.com/file/d/1_9zKMJZwdLgS9jITyLU43Hxlli_Emv6/view] e Andrea Montero [https://docs.google.com/document/d/1E73gOc6eWhBJtsixNUIF_E0mn5tTqMqTFd4c5QLB5xQ/edit] e do manual de Historia de España da editorial Baía.

poñelas no mercado mediante poxa pública, e así lograr unha nova clase propietaria e, de paso, sanear as contas do Estado.

ETAPAS

Estas medidas foron impulsadas sobre todo por liberais progresistas cando chegaban ao poder, pero a preferencia da Coroa polos moderados fixo que o proceso fora lento e longo. Non obstante, destacan catro etapas:

1. Desamortización de Godoy

No ano 1798, o primeiro ministro de Carlos IV, Manuel Godoy, inicia o proceso de desamortización de parte das propiedades do clero. A motivación será o saneamento da débeda pública. A política internacional de intervencionismo do estado nas guerras sostidas neste período contra Francia e Gran Bretaña, así como o apoio económico prestado a Estados Unidos na procura da súa independencia deron lugar a un endebedamento da facenda real.

2. Cortes de Cádiz

O contexto no que se produce esta segunda etapa coincide coa guerra de Independencia (1808 – 1813), o reinado de Xosé I Bonaparte e as Cortes de Cádiz. O carácter liberal destas Cortes impulsan unha serie de medidas de abolición do Antigo Réxime entre as que se atopa un proceso de desamortización. Nas Cortes de Cádiz aprobáronse decretos que abolían o réxime señorial. O Estado confiscaba e puña en venda bens dos afrancesados, das ordes militares, dos conventos suprimidos (os que tiñan menos de 12 monxes profesos) ou destruídos, xunto con parte do patrimonio da Coroa e dos baldíos e terras dos concellos. Estes decretos foron en gran parte abolidos coa chegada de Fernando VII. No Trienio liberal retómanse as desamortizacións.

3. Desamortización de Mendizábal

A década de 1830 coincide co comezo da rexencia de María Cristina á espera da maioría de idade de Sabela II, o inicio da primeira Guerra Carlista e o crecemento do bando liberal. Á altura de 1835, a situación non era doada para a rexencia. A lentitude das reformas, as dificultades na guerra carlista e a extensión da primeira epidemia de cólera propiciaron numerosas revoltas, motíns e pronunciamentos de carácter popular estimulados, principalmente, polos liberais. Formáronse xuntas locais (Barcelona, Málaga ou Zaragoza) que, en moitos lugares, asumiron o goberno e esixiron cambios á Rexente.

Este é o contexto no que María Cristina, en setembro de 1835, nomea a Juan Álvarez Mendizábal presidente do Consello de Ministros. Entre outras reformas impulsadas, destaca a desamortización de 1836. Suporá a supresión de ordes relixiosas e a confiscación de bens e terras eclesiásticas para seren postas á venda en poxa pública. O maior afectado será o clero regular.

Obxectivos:

1. Buscar ingresos na facenda para facer fronte á Guerra Carlista
2. Gañar apoios entre a burguesía para a causa liberal
3. Restar poder de influencia á Igrexa
4. Crear unha pequena base social de campesiños propietarios.

O goberno de Mendizábal durou pouco e no mesmo ano de 1836 será destituído pola Rexente. O proceso desamortizador será retomado na rexencia de Espartero a partir de 1841. Ampliouna a bens do clero secular. O seu obxectivo básico foi o de recadar fondos para a Facenda e favorecer á base liberal.

Resultados:

1. Non solucionou o grande problema da débeda pública
2. A burguesía converteuse en nova propietaria e a nobreza viu incrementado o seu capital inmobiliario
3. Aumentou o apoio da causa liberal
4. O campesiñado viuse prexudicado sufrindo un proceso de proletarización e parte del sumouse á causa carlista
5. Deteriorouse moito patrimonio eclesiástico pasto do abandono e o espolio

4. Desamortización de Madoz

En 1854, os progresistas e os moderados descontentos pola deriva cada vez máis ultramoderada do Goberno, protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como a Vicalvarada encabezado polo xeneral O'Donnell e cun programa (o Manifesto do Manzanares) no que se recollía a aspiración de reformar o sistema vixente. Daba comezo ao período denominado Bienio Progresista (1854 – 1856) con Espartero de novo no poder.

Entre outras medidas de carácter liberal progresista, apróbase a Lei de Desamortización Xeral de Madoz (1855). Esta lei pon en venda os bens das Ordes Militares, das institucións de beneficencia e os bens municipais de propios e comúns. Esta é a desamortización que alcanza un maior volume de vendas.

Obxectivos:

1. Obter fondos para a construción do ferrocarril e terras libres para a súa construción
2. Acabar definitivamente co réxime señorial
3. Financiar a débeda pública

Resultados:

1. Causa a ruína de gran parte dos municipios
2. Prexudicou á poboación máis pobre ao eliminar unha fonte de recursos como eran os bens comunais
3. Logrou financiar a construción do ferrocarril

BALANCE OU RESULTADOS

O 50% das terras cultivables que había en España no s. XIX foron desamortizadas, pero as consecuencias foron tanto positivas como negativas en relación aos obxectivos. Podemos sinalar como avances, os seguintes aspectos:

1. Supresión definitiva dos señoríos.
2. Supresión do décimo e da Mesta.
3. Expansión da superficie cultivables
4. Aumento da produción agrícola.
5. O Estado logrou obter ingresos para sanear parte das súas contas
6. Parte do diñeiro usouse para financiar a guerra contra os carlistas
7. Os novos propietarios pasan a apoiar o liberalismo
8. Coa desamortización de Madoz finánciase en grande medida as obras do ferrocarril

Con todo, hai unha serie de cuestións que quedan sen resolver:

1. Hai un cambio de mans, pero non houbo transformacións significativas
2. Non se logrou unha nova clase propietaria campesiña, pois os lotes eran demasiado grandes e os campesiños non puideron mercalas.
3. Tampouco se logrou modernizar o campo por medio de compradores emprendedores.
4. O campesiñado perdeu o acceso a terras municipais de uso comunal e, de feito, xorde a partir de aquí unha masiva emigración desde zonas pobres ás cidades.
5. Os municipios expropiados sufriron un duro golpe ao seu patrimonio.
6. A Igrexa viu desmantelado o seu sistema de ingresos, polo que o Estado comeza a subvencionala a partir da promulgación da Constitución de 1845 e do Concordato de 1851.
7. Retrasou a industrialización porque a burguesía investirá en terras e non en innovación tecnolóxica. Produciuse unha aristocratización da burguesía.

O problema do atraso na agricultura e a desigual distribución da propiedade da terra persistirán durante o século XX, e esta “cuestión agraria” volverá ser obxecto de reformas na Segunda República (1931-36), sendo unha das causas por certo que acabaría aboando o terreo para a guerra civil.